

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatório de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de 15 minutos.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8. - Ao rematar o seu exercicio, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. O substantivo "A Pobra do Caramiñal" é:

- A) Un xentilicio
- B) Un topónimo
- C) Un antropónimo
- D) Un tropónimo

2. Indique cal das seguintes series de substantivos masculino-feminino é correcta:

- A) Temperán-Temperana
- B) Ancián-Anciana
- C) Malandrín Malandriá
- D) León -Leoa

3. Dise do quinto dedo da man:

- A) Polgar
- B) Maimiño
- C) Matapiollos
- D) Furabolos

4. A cousa que ten un prezo relativamente barato é:

- A) Barallete
- B) Barateiro/a
- C) Baralocas
- D) Falabarato/a

5. Indique cal das seguintes palabras non é sinónimo de "enxergar":

- A) Albiscar
- B) Divisar
- C) Desavistar
- D) Dexergar

6. Sinale cal das seguintes series é correcta ortograficamente:

- A) Améi-Colleu-Ademáis-Recibíu
- B) Amei-Colléu-Ademais-Recibíu
- C) Amei-Colleu-Ademais-Recibiu
- D) Amei-Colleu-Ademáis-Recibiu

7. A palabra "hepático" significa "relativo ou pertencente...":

- A) Ao ril
- B) Ao figado
- C) Ao páncreas
- D) Ao corazón

8. Sinale en cal das seguintes expresións está errado o artigo:

- A) A viaxe
- B) O riso
- C) A masacre
- D) O fel

9. Das seguintes series, só unha contén na súa totalidade adverbios de lugar. Sinálea:

- A) Acolá–Ningures–A carón
- B) Algures–Abondo–Asemade
- C) Amodo–Devagar–Paseniño
- D) Acotío–Axiña–Arestora

10. O nome do ordinal do número 93 é:

- A) Nonaxésimo/a terceiro/a
- B) Nonaxésimoterceiro/a
- C) Novenésimo terceiro/a
- D) Novenésimoterceiro/a

Preguntas de reserva

1. Elix a serie correctamente conxugada:

- A) Eu sinto, ti sentes, el/ela/vostede sente
- B) Eu fuxo, ti fuxes, el/ela/vostede fuxe
- C) Eu sirvo, ti sirves, el/ela/vostede sirve
- D) Eu firo, ti ferres, el/ela/vostede fire

2. As palabras "cachamúa" e "calamoucha" son entre sí:

- A) Homónimas
- B) Antónimas
- C) Sinónimas
- D) Contrarias